



Asociación para normalización del galego de Asturias

Inscripción Rexistro Asociaciois Asturias 13241

www.axuntar.eu
asociacion@axuntar.eu
[@axuntar](https://twitter.com/axuntar)
[axuntar](https://www.facebook.com/axuntar)
[axuntar](https://www.instagram.com/axuntar)



Boal, 02/07/2026.– **NOTA DE PRENSA**

PuntoGal e a asociación AXUNTAR firman un convenio de colaboración coel obxectivo de fortalecer as iniciativas de promoción, normalización e difusión del galego de Asturias, variedade que forma parte del patrimonio cultural e lingüístico compartido entre Galicia e Asturias.

Para PuntoGal, entidade xestora del dominio de internet para a comunidade galegofalante desde 2014, este convenio enmárcase nel sou compromiso de apoiar **iniciativas** que fortalezan el uso social da lingua galega **en todos os territorios onde se fala**, así como nel ámbito dixital.

“PuntoGal é un dominio lingüístico-cultural, que pretende servir de nexo de unión e de pertenza a úa comunidade lingüística para todas as persoas e entidades que se expresen en lingua galega en calquera parte del mundo, teñan en Galicia, nos territorios de fala galega de Asturias, Castela e León, Extremadura, América ou en calquera outro lugar”, comenta Manuel González, presidente de PuntoGal.

Pola súa banda, Natalia Jardón, Presidenta de Axuntar, declara que “segundo as recomendaciois del **Consello de Europa** nel sou informe de 2024, **Axuntar establece lazos de cooperación con organizaciois que defenden a nosa lingua común, el galego, independentemente das fronteiras administrativas**. Agradecemos el apoio de PuntoGal e esperamos que esta colaboración axude a **visibilizar e dignificar a nosa terra** galegofalante en Asturias.”

“Esta colaboración vai permitirnos elaborar materiais para **futuros docentes** e para todas as persoas que ten interesadas en recibir úa **formación rigorosa** na nosa variante xeolectal,” comentou Jardón, “a súa historia, normativa, material léxico e gramatical, a súa literatura, etc. Como primeiro paso, gracias a PuntoGal, poñeremos a disposición del público úa **nova edición das Normas Ortográficas** publicadas por profesores e lingüistas de Asturias e Galicia nel ano 1990.”

Como parte desta colaboración, Axuntar ten previsto adoptar un dominio .gal como enderezo principal da súa páxina e empregalo en todas as súas comunicaciois dixitais, reforzando así a súa identificación coa comunidade lingüística galega.

Nel marco deste acordo, PuntoGal comprométese a patrocinar **a edición 2026 dos Premios Folgueira**, galardois que a asociación Axuntar entrega anualmente para reconocer el labor de persoas, entidades e proxectos que contribúen á dignificación e normalización das falas galegas de Asturias.

Ademais, PuntoGal colaborará na reedición das normas ortográficas publicadas pola *Mesa para Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca* (MDGA) en 1990. Estas normas constitúen úa referencia fundamental para el estudo e a promoción da lingua e servirán de base para os **cursos e actividades formativas** que Axuntar organice nel ámbito da normalización lingüística.

Contacto: Natalia Jardón (Presidenta de Axuntar) +43 664 220 5487